



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Política e Lexislación Educativas		Código	652711108	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
1º e 2º Ciclo	Anual	Primeiro	Obrigatoria	5.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Os coñecementos básicos de política e lexislación educativa resultan sumamente importantes á hora da reflexión teórica e a actuación práctica no ámbito educativo posto que a análise dende a teoría e a práctica dos factores políticos, sociais, económicos, culturais , ideolóxicos e lexislativos				
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A2	B1	C1
	A6	B2	C3
	A20	B4	C4
	A22	B7	C6
	A23	B8	
	A25	B9	
		B15	
		B17	

Contidos

Temas	Subtemas



1.- Análise conceptual: Política e política educativa. .	1.1. Natureza e fins da política educativa 1.2 As decisións políticas.
2.- Política educativa e sistema educativo.	2.1. Ámbitos de decisión política. 2.2. A participación social na educación.
3.- A dimensión espacial da política educativa.	3.1. O sentido da transnacionalidade. 3.2. Do local ao global.
4.- Educación, dereitos e liberdades.	4.1. Perspectiva histórica 4.2. Realidade actual
5.- A lexislación e organización político-administrativa do Estado Español:	5.1. A descentralización administrativa e a transferencia de competencias.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 B2 B7 B8 B9 B17	2	0	2
Análise de fontes documentais	A22 A23 B4 C3	9	17	26
Aprendizaxe colaborativa	A25 B15 C1 C4	0	20	20
Estudo de casos	A2 A20 A22 A23 C6	0	6	6
Foro virtual	A6 A22 A23 A25 B1 B2 C1 C3	0	4	4
Lecturas	A23 B8 C3	0	20.5	20.5
Presentación oral	A22 B1 B7 B8 B17 C3	2	4	6
Proba de ensaio	A6 A20 A22 A25 B1	2	2	4
Recensión bibliográfica	A6 A22 B1 B2 B4 B7 B8 B17 C1	0	20	20
Sesión maxistral	A2 A20 A22 A25 B1 B7 B8 B15 B17 C1 C3	0	23	23
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.



Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Foro virtual	Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, proponendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Proba de ensaio Recensión bibliográfica Análise de fontes documentais Estudo de casos Foro virtual	Tanto as sesións maxistras como a análise de fontes documentais, así como os traballos relativos ao estudo de casos, as presentacións orais ou as actividades de aprendizaxe colaborativa terán unha atención personalizada ao alumnado coa finalidade de facer un seguimento individualizado con cada alumno ou alumna do seu traballo e das súas actividades de aprendizaxe.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A23 B8 C3	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.	10
Presentación oral	A22 B1 B7 B8 B17 C3	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, proponendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	10



Proba de ensaio	A6 A20 A22 A25 B1	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	5
Recensión bibliográfica	A6 A22 B1 B2 B4 B7 B8 B17 C1	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.	25
Análise de fontes documentais	A22 A23 B4 C3	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.	10
Aprendizaxe colaborativa	A25 B15 C1 C4	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.	10
Estudo de casos	A2 A20 A22 A23 C6	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.	25
Foro virtual	A6 A22 A23 A25 B1 B2 C1 C3	Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).	5
Outros			

Observacións avaliación



- O profesor debe ter identificado a cada alumno mediante unha ficha onde vai realizando o seguimento, polo que é necesario que nas primeiras sesións de clase, cada alumno/a entregue a dita ficha con foto e debidamente cumprimentada.
- A puntualidade, a regularidade da asistencia ás sesións de clase así como o interese amosado, a actitude diante da materia e das actividades, e a participación e colaboración serán aspectos obxecto de avaliación. Sendo así, o alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia deixa de considerarse asistente pasando a ser avaliado seguindo outros criterios.
- Aqueles alumnos ou alumnas que por causas excepcionais non poden asistir regularmente ás clases presenciais, ás interactivas ou a ambas, é necesario que o xustifiquen debidamente para poder ter dereito a unha avaliación axustada ás súas necesidades, evitando agravios co resto do alumnado.
- O alumnado regularmente asistente será avaliado segundo a proporción que segue: proba escrita (50%), traballos colectivos (20%), Recensións (10%), aspectos actitudinais (regularidade, puntualidade, interese, participación, colaboración...) (20%). Ter superado o traballo individual é requisito indispensable para aprobar a materia. No caso de non ter presentados os traballos correspondentes na convocatoria de xuño, e figurar como non presentado, para a convocatoria de xullo ditos traballos só puntúan, aumentando a calificación, se o exame está aprobado. En ningún caso o traballo decide o aprobado do alumno ou alumna que teña suspendido o exame desa convocatoria.
- Para poder ser avaliado, cada alumno ou alumna debe ter entregado os traballos (individuais ou colectivos) propostos, en tempo e forma. En caso contrario, considérase NON PRESENTADO. Do mesmo xeito, é conveniente que se utilicen as horas de atención ao alumnado para solventar dificultades relacionadas co desenvolvemento dos traballos individuais ou colectivos, coa marcha da materia, aclarar dúbidas, etc.

Fontes de información



Bibliografía básica

- VARELA, J. e ALVAREZ-URIA, F. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid, La Piqueta
- CONDORCET (). Cinco memorias sobre la instrucción pública. Madrid , Morata
- DEWEY, John (1998). Democracia y Educación. Madrid, Morata
- COLOM, A.J. (2000). Desarrollo sostenible y educación para el desarrollo. Barcelona, Octaedro
- ADORNO, theodor (1998). Educación para la emancipación. Madrid, Morata.
- DURKHEIM, E. (1975). Educación y sociología. Madrid, Santillana
- APPLE, M.W. (1996). El conocimiento oficial. La educación democrática en una era conservadora. Madrid, Paidós
- LERENA, Carlos (1989). Escuela, ideología y clases sociales en España. Madrid , Akal
- BALL, Stephen (comp.) (1997). Foucault y la educación. Disciplinas y saber. Madrid, Morata
- PEREYRA, Miguel e outro (1996). Globalización y descentralización de los sistemas educativos. Barcelona, Pomares-Corredor
- PEREYRA, Miguel e outros (1996). Globalización y descentralización de los sistemas educativos. Barcelona, Pomares-Corredor
- COSTA RICO, A. (2004). Historia da Educación e da Cultura en Galicia (séculos XII ao XX). . Vigo, Xerais
- UNESCO (). Informes mundiais sobre a educación. Santillana/UNESCO
- COLOM, A. e DOMINGUEZ, E. (1997). Introducción a la política de la educación. Barcelona, Ariel
- COOMBS, P.H. (1985). La crisis mundial de la educación. Perspectivas actuales. Madrid, Santillana
- TORRES, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata
- DELORS, J. (Dir.) (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid, Santillana/UNESCO
- GIMENO, José (2000). La educación obligatoria: su sentido educativo y social. Madrid, Morata
- CARBONELL, Jaume (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona, Eumo-Octaedro
- LUZURIAGA, Lorenzo (2002). La escuela nueva pública. Madrid, Losada
- DELGADO, F. (1997). La escuela pública amenazada. Dilemas en la enseñanza. Madrid, Ed. Popular
- BARREIRO, H. e TERRÓN, A. (2005). La institución escolar: una creación del estado moderno. Barcelona, Octaedro
- FREIRE, Paulo (1990). La naturaleza política de la educación. Barcelona, Paidós.
- URIEL e outros (1997). Las cuentas de la educación en España. Madrid, Argenteria
- EMBID IRUJO (1994). Legislación sobre enseñanza. Madrid, Tecnos
- LEGRAND, L. (1988). Les politiques de l'éducation. Paris, PUF
- GIMENO, José (2001). Los retos de la enseñanza pública. Madrid, Akal
- FERNÁNDEZ, J.M. (1999). Manual de política y legislación educativa. Madrid, Síntesis educación
- GRAÑA MARTINEZ, Venancio (1995). Manual legislativo do ensino básico en Galicia. A Coruña, Tórculo
- ARDOINO, J. (1980). Perspectiva política de la educación. Madrid, Narcea
- SANTOS REGO (ed.) (2009). Políticas educativas y compromiso social. Barcelona, Octaedro
- APPLE, Michael (1996). Política cultural y educación. Madrid, Morata
- FULLAT, O. (1994). Política de la educación. Barcelona, CEAC
- ETXEBERRÍA; Felix (). Política Educativa en la Unión Europea. Barcelona, Ariel
- FERNÁNDEZ SORIA, J.M. e MAYORDOMO PÉREZ, A. (1996). Política educativa y sociedad. Valencia, Nau llibres
- BELTRÁN, Francisco (1991). Política y reformas curriculares. Valencia, Servi de publicacions, Universitat de Valencia
- PUELLES, M. e outros (1996). Política, legislación e instituciones en la educación secundaria. Barcelona, ICE/Horsori
- ETXEBERRÍA, F. (2000). Políticas educativas en la Unión Europea. Barcelona, Ariel
- ESPEJO VILLAR, B. (Coord.) (2001). Políticas educativas para el nuevo siglo. Salamanca, Hespérides
- FOURNIER, J. (1997). Politique de l'éducation. Paris, Du Seuil
- PUELLES BENÍTEZ, M. (2006). problemas actuales de política educativa. Madrid, Morata
- HUNTER, Ian (1988). Repensar la escuela. Subjetividad y crítica. Barcelona, Pomares Corredor
- VIÑAO, A. (2002). Sistemas educativos, culturas escolares y reformas. Madrid, Morata
- POPKEWIT, Thomas (2000). Sociología política de las reformas educativas. Madrid, Morata
- VIÑAO, A. (1998). Tiempos escolares, tiempos sociales. La distribución del tiempo y del trabajo en la enseñanza en España (1838-1936). Ariel, Barcelona



- TEDESCO (1995). Un nuevo pacto educativo. Madrid, Anaya
- BECK, U. (1998). ¿Qué es la globalización? Falacias del globalismo, respuestas a la globalización. Buenos Aires, Paidós
- BLANCO LÓPEZ, J. L.; GUTIERREZ HERRADOR, F. J. (2008). La legislación educativa para los docentes. Santander, ANPE Cantabria
- AGUIAR DE LUQUE, L. (2009). Estado aconfesional y laicidad. Madrid, CGPG
- GUEREÑA; RUIZ BERRIO, TIANA (2010). Nuevas miradas historiográficas sobre la educación. Madrid, Ministerio de Educación
- BLANCO LÓPEZ, J. L.; GUTIERREZ HERRADOR, F. J. (2005). Legislación y educación. ANPE Cantabria
- LUCIO-VILLEGAS RAMOS (2009). La ciudadanía como creación política y educativa. Educando para una ciudadanía mundial. Xátiva (Valencia), Dendes Editorial
- IANGA PENDI, A. (2006). Política educativa. Naturaleza, historia, dimensiones y componentes actuales. Valencia, Naus LLibres
- GIMENO SACRISTÁN, J. (2006). La reforma necesaria: Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata
- LETURIA NAVAROA, A. (2006). El derecho a la participación educativa. Bilbao, Universidad del País Vasco
- PÉREZ JUSTE e outros (2008). Hacia una educación de calidad. Gestión, instrumentos, evaluación. Madrid, Narcea
- ROMÁN, P. (2010). Sistema político español. Aravaca (Madrid)
- BARTOLOMÉ, C.; BARTOLOMÉ, J. (2004). Después de... Historia de la Transición contada por gente de la calle. Divisa Home Vídeo
- (2000). La transición española (8 vols.). Caos Media



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- É obrigatoria a entrega cumprimentada da ficha de identificación personal.
- Non se admitirán traballos dos que o profesor ou profesora non teña constancia da súa realización.
- As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais.
- Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A.
- Os traballos escritos presentaránse grapados e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora). Non é necesario entregalos encadernados, con fundas de plástico, anillas ou deseños similares. É aconsellable facer copi do orixinal que se entregue.
- As Titorías serán:

1º cuatrimestre: mércores, 9,00-10:30 e 18-19,30 horas.
 xoves, 13,00-14.30 e 16,30-18,00 horas.

2º cuatrimestre: martes: 12,00-15,00 e 16,30-18,00 horas.
 mércores: 11,30- 13,00 horas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías